

ACTA EN RELACIÓN Á RECLAMACIÓN PRESENTADA AO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS, ADMINISTRATIVOS/AS (18/06/2025)

En Melide, a 24 de xuño de 2025, ás 09:00 horas, reúnense baixo a presidencia de Guadalupe Vázquez Ascariz os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar a reclamación presentada á acta de data 18/06/2025 en relación ao 1º exercicio da fase de oposición para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a auxiliar administrativo.

Presidenta: Guadalupe Vázquez Ascariz
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez
Vogais: Socorro Pernas García
Mª Isabel Novo López
Sylvia Cea Vázquez

A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración da alegación presentada:

- **SERGIO SUÁREZ POSE** (rex. 202599900001017, de data 18/06/2025)

Logo de ver a instacia presentada por Sergio Suárez Pose con DNI ***9420** na que di:

"Solicito que SE TEÑAN EN CONTA as alegacións aquí presentadas e as que presenten o resto de aspirantes hoxe por esta en prazo.

2º. PREGUNTA 7. Exponse o seguinte:

7.- En que lingua pode denominarse un municipio galego?

- a) sempre e só en galego
- b) sempre e soamente en castelán
- c) a) e b) son incorrectas

Márcase como opción correcta a a). É certo, posto que a Lei 3/1983 de normalización lingüística no seu artigo 10.1 expresa que "Los topónimos de Galicia tendrán como única forma oficial la gallega". Non obstante, dita lei non entra no temario do proceso selectivo. Por outra banda, a Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 14.2 determina que "La denominación de los Municipios podrá ser, a todos los efectos, en castellano, en cualquier otra lengua española oficial en la respectiva Comunidad Autónoma, o en ambas". Dito artigo pódese considerar incluído no Tema 7 da Parte Común das bases do proceso selectivo. Segundo o descrito, solicito que A RESPOSTA CORRECTA SEXA A C), de acordo co temario das bases do proceso selectivo, e que se recalculen as puntuacións obtidas por todos os aspirantes."

A Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, é unha competencia exclusiva de Galicia, **especificamente do Parlamento de Galicia**. Esta lei establece las bases para la promoción y protección do galego como lingua propia e oficial da comunidade autónoma.

Este Tribunal entende que a cuestión formulada encaixa dentro do: **Tema 4: "... O poder galego: o Parlamento ... As competencias de Galicia"**, e polo tanto a resposta correcta é a marcada no anexo á acta.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal ás 09:30 h. do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 24 de xuño de 2025
O Tribunal

